

## Convite á reflexión

**Xosé Manuel Eyré**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2011 [2009]). “Convite á reflexión”. *A Nosa Terra*: 1372 (10 de setembro), 28. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/508>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2009). “Convite á reflexión”. *A Nosa Terra*: 1372 (10 de setembro), 28.

\* Edición dispoñíbel desde o 17 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# Convite á reflexión

*Na terra desluada*


**Autor:** Ricardo Martínez-Conde.

**Edita:** Espiral Maior, pp. 60.

Hai títulos recentes que poderían, dalgunha maneira, entrar naquela vella distinción da poesía como festival estético, unha demostración de pirotecnia verbal que exhiba a aliaxe entre a estética sublime da palabra e o sentir (pensar) profundo d@



poeta. Porén a poesía actúa (tamén a clásica, e non tan no fondo), a poesía é un convite á reflexión; un diálogo directo entre o sentir/pensar (o único realmente certo daquela primeira definición) d@ autor(a) e o lector, sen esixir intermediación de fábula ningunha. Como exemplo desa evolución, velaquí este título, de Ricardo Martínez-Conde, que hoxe comentamos. Unha evolución na que o máis beneficiado é o lector, pois a poesía agora reclama un lector activo e rexeita a lectura espectáculo. Convén aclaralo de inicio, xa que seguen existindo moitos lectores aferrados á vella idea da poesía (e da vella lectura), que se senten frustrados e rexeitan a poesía máis nova.. E velaquí que *Na terra desluada* é un título moi a propósito para esta finalidade. En ningún momento se reclama poesía vangardista, mais o certo é que se trata dunha concepción da poesía que, partindo de postura próxima ao clásico, achégase decididamente ao actual concepto da poesía como convite á reflexión, como ne-



**Ricardo Martínez-Conde.**

cesidade de diálogo entre lector e escritor.

*Na terra desluada* conta con algo máis de corenta poemas, divididos en tres seccións intituladas, mais un preliminar, que declara e resume o contido do poemario nun único verso que logo glosará: “Amar é, ás veces, meditar”. Poemas que son convites á reflexión, sinxelos e intensos convites. Afastados de calquera efectismo verbal (a súa renuncia a el é columna vertebral de todo o poemario e diríamos que do corpus de Martínez-Conde ou polo menos do anterior *Debullar*, único título que lle coñecemos en galego), tamén destaca o convencemento de que a lectura clásica resulta frustrante porque, no efectismo, afoga a participación do lector.

Formalmente, tales convites transparentan perfectamente a influencia do haiku (aínda máis visíbel en *Debullar*) e en xeral do que podemos chamar poesía reflexiva. Tenden á brevidade, nunca superan a páxina. Mais a opción pola brevidade non significa desbotar a profundidade de pensamento, nin moito menos senón o contrario. Non é máis importante o punto que a eternidade (se é

que en algo se diferencian) e fainos conscientes da importancia dos aspectos que a vertixe dos nosos días nos oculta, empobrecéndonos. O poema, para Martínez-Conde, é ensinanza, non pode ficar só en exhibición verbal por moi bonita que sexa. O cal tampouco equivale a que renuncie por completo á aparataxe formal, mais esa aparataxe, sen a profundidade do pensamento / sentimento, pouco é e de pouco serve. Nestes poemas, a descrición ten importancia capital, contemplación tanto do estado interior como

”  
Neste tipo de poesía ou se triunfa ou o fracaso resulta estrepitoso”

do exterior, tanto da natureza como dos desacougos e crenzas propios. Unha contemplación que, para ser verdadeiramente efectiva, como convite catalizador e provocante da reflexión, ten que ser inconformista. Deste xeito, cada poema é unha proposición de diálogo, na cal o poeta ten a suficiente valentía como para espir o seu pensamento.

É unha poesía que nos fala da memoria, da historia, da terra, da eternidade, do mar, da incerteza, da lentitude, de letanías, do cotián, de fe, de desacougo, de abalo, de confianza, de luz, de levidade, de agardar, e tamén do tempo

(día, noite, solpor, outono, verá, da brisa, de soños, da suor, de segredos, de desexos, da fragilidade, da lembranza. Neste mapa conceptual, os membros non teñen que aparecer necesariamente por separado, pois a condición do ser humano é mixta, mesturando tenrura e xustiza, liberdade e afastamento ou medo e fe. Do cal se deducen dúas cousas. Que a poesía de Martínez-Conde, estando escrita en galego non renuncia á universalidade senón que aposta por ela –hai que lembralo, vivimos tempos de políticos tendenciosamente desmemoriados, e atrasadores, que pretenden que o escritor galego debe escribir en castelán para ser universal. E tamén que a dúbida permanente é o único que lle garante ao ser humano sentirse vivo, para o cal precisa que a actividade neuronal non se reduza.

Eis, logo, a concentración conceptual en unidades breves, como estratexia para o convite, un convite que nunca defrauda e que en cada un de nós opera de xeito parcialmente único. Que resulta dunha dificultade extrema, pois neste tipo de poesía ou se triunfa ou o fracaso resulta estrepitoso. Para o cal, o autor, necesita ser moi hábil na selección dos contidos poéticos, no afastamento da trivialidade e do banal. De xeito que o poemario tamén se constitúe en grafía verbal do vivir inconformista. O poema ben pode orixinarse na dor do segredo transformado en sospeita, ou na elegancia da tristeza, ou na beleza da melancolía ou na melancolía do anhelado... É dicir, o poema vén sendo un tránsito que nace na inqueda do poeta, que pasa, logo, habitar as marxes da palabra impresa como ponte a instalarse no mundo do lector e é aí onde o poema despreparará todo o seu potencial creador. Velaí a residencia da literatura máis anovadora, seria, transcendente e ousada. ●

**X.M. Eyré**